

PREGUNTA DE AER AO ALCALDE SOBRE CONTRATOS NEGOCIADOS SEN PUBLICIDADE

PLENO 30 ABRIL 2015. ACTA 08/2015

No pleno extraordinario do 31 de xullo do 2014 presentamos unha moción que remataba do seguinte xeito:

Dado que no seu momento pareceulles moi complicado o sistema de ter un listado de empresas ordenadas por sectores de servizos, obras, etc., e co ánimo de adaptarnos a modelos máis sinxelos, propoñemos ao pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

Que cada vez que se realice unha contratación directa sen publicidade, se comunique aos voceiros de tódolos grupos os seguintes datos:

- Modelo de invitación transmitido ás diferentes empresas.
- Xustificación e criterios empregados polo alcalde para a elección das empresas invitadas.
- Obxecto do contratos
- Importe do contrato”

Na votación de acordo o resultado foi o seguinte:

VOTACIÓN E ACORDO. Sometida a moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, esta é aprobada por maioría dos/as concelleiros/as presentes por once votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 2 Do BNG e 1 de AER) e dez votos en contra (10 do PP).

Sabemos que en ningún caso o Pleno do Concello ten a capacidade de modificar unha lei de rango maior, e que só a vostede lle corresponden as competencias para xestionar eses contratos “negociados sen publicidade”. E invitar a quen lle pete, e incluso da maneira que considere. Así podemos ver como para o contrato de conciliación, invita a empresas que nada teñen que ver coa animación e o tempo libre.

Vemos como “ Civis Global” (anteriormente “ Movexvial”), que non fai moito pasou polos xulgados, acumula un contrato detrás doutro en datas recentes.

Vemos como para a reforma da praza se contrata unha empresa de recente creación dirixida polos fillos dun exalto cargo do PP procesado por cuestións indignas; etc.

Vemos como casualmente a coordinación de cultura volve ás mesmas mans valorando un aspecto da proposta que non foron quen de facer e presentar durante o contrato anterior: memoria e avaliación do traballo.

Vemos como a lista de contratos “negociados sen publicidade” é bastante extensa; a pesares das advertencias, nos informes de intervención, sobre os beneficios económicos que teñen os

concursos abertos. Para ir rematando, dado que no acordo da nosa moción non se pedía modificación algunha das competencias, senón simple información (chámase transparencia):

- Modelo de invitación transmitido ás diferentes empresas.
- Xustificación e criterios empregados polo alcalde para a elección das empresas invitadas.
- Obxecto do contrato
- Importe do contrato.

Preguntamos o alcalde: **Pode explicarnos por que non cumpriu nunca con ese acordó plenario?**

O alcalde sinala que a pregunta vai orientada a facer crer á opinión pública que as cousas se están a facer mal. Di que quen resolve o tema non é o político senón os técnicos e coas invitacións tratan de que as obras se fagan ben. Lee dúas frases de *Goebbels* e di que lle consta que os membros da agrupación revisan os expedientes e que a lei lle permite por axilidade elixir ás empresas e sempre manexan máis de un presuposto. Indica que os procesos son transparentes.